



O Trasnua  
2007

SILENCIO  
POLO PRACER ACÚSTICO



I.E.S.  
ÁLVARO  
CUNQUEIRO

MaiO 2007

# TRASNO

IES ÁLVARO CUNQUEIRO

MAIO 2007



MARGARITA PULIDO

## INDICE

<i>Día das Letras Galegas.</i>	4-5
<i>Mileuristas.</i>	6-8
<i>Bulimia e anorexia.</i>	9
<i>A síndrome do emperador.</i>	10-11
<i>Día da muller.</i>	12-13
<i>Galego nas aulas.</i>	14-17
<i>Os de 2º de bacharelato.</i>	18-19
<i>Escola de negocios.</i>	20
<i>Teatro do instituto.</i>	21-22
<i>Novas da lingua.</i>	23-24
<i>Viaxe a San Simón.</i>	25-26
<i>O galego e a sociedade.</i>	28
<i>Por un novo Celta.</i>	29
<i>Entroido no instituto.</i>	30-31
<i>Actividades.</i>	32
<i>A biblioteca.</i>	33-34
<i>Cómic</i>	36

## Editorial

O Goberno español vén de aprobar este ano unha lei que obriga ás empresas a que os seus órganos de dirección estean compostos por mulleres nun 50% por cento. Sabemos que as mulleres, que son maioría social, non teñen os mesmos dereitos que os homes aínda que se lles recoñeza a igualdade ante a lei; dende sempre, o normal, o natural, foi que as mulleres teñan menos dereitos (aínda que pareza asombroso, neste país despídese ás mulleres do seu traballo cando quedan embarazadas; dos seus salarios, mellor non falar).

Algo moi semellante ocorre co galego. O normal, o natural, dende sempre, foi que os pais galegofalantes non poidan, aínda que queiran, transmitir a súa lingua aos seus fillos. O sistema educativo está aí para impedi-lo. Ninguén explica que o normal e o natural adquiriu forma social baixo

governos predemocráticos ou ditatoriais. Que en Galicia a situación de "normalidade" lingüística non democrática se prolongase ate hoxe, fronte ao que ocorreu noutras comunidades autónomas, debeuse en gran medida a que foi gobernada por persoas e partidos que xa gobernaran cómodamente durante a ditadura de Franco. A noción do que consideraban "normal" ou "natural" (xa se sabe, "o de sempre"), por exemplo no que se refire aos dereitos lingüísticos, só pode repugnar a unha conciencia democrática.

O decreto do actual Goberno galego que se compromete a levar a efecto a Lei de Normalización Lingüística, aprobada por todos os partidos, implica que o galego deba ser a lingua vehicular de cando menos o 50% das materias. Os que se oponen á implantación deste decreto nos centros de ensino deberían lembrar non só os seus propios dereitos, senón tamén os seus deberes, como funcionarios que son. Tamén deberían lembrar que a súa desidia e/ou a súa comodidade persoal non teñen nada que ver cos seus supostos dereitos democráticos.

# DÍA DAS LETRAS GALEGAS

MARÍA MARIÑO.

(Noia, 1907-Parada do Courel, 1967)



## Vida:

*Nace na vila de Noia en xuño de 1907. Fillá dunha costureira e máis dun zapateiro. Á propia María, a cuarta de entre cinco irmáns, dedicouse dende moi nova a coser polas casas. En 1926 a familia trasládase a Escarabote, en Boiro, onde coñece ao que será o seu marido, Roberto Posse, mestre de escola. Casa en 1939 á idade de trinta e dous anos. Quizais para agachar a diferenza de idade co seu marido, de vinte e catro anos, é polo que a cambia a súa data de nacemento no rexistro civil, onde figura que o ano 1918: había que adaptarse ao prexuízo machista que censura as relacións de mulleres con homes máis novos.*

*A partir do seu casamento, María Mariño vive nos lugares onde ensina o seu marido. Primeiro en Dodro e en Elanxrove (Biscaia), e a partir de 1946, no Courel, en Romeor deica 1947 e en Parada deica o seu falecemento, enferma de leucemia, en 1967.*

*En Parada coincide que a casa do mestre se atopa xunto á vivenda familiar do gran poeta Uxío Novoneyra, autor d' "Os eidos". É este quen a anima a escribir poesía en galego e quen se preocupa da publicación do seu único libro editado en vida: "Palabra no tempo" (1963). Xa morta, publicarase en 1994 a súa obra completa en galego que inclúe un segundo libro: "Verba que comenza".*

*A dependencia de María Mariño con respecto a Uxío Novoneyra foi tan importante, que rapidamente se estenderon as sospeitas de que María Mariño era en realidade unha creación do propio Uxío Novoneyra. Aínda que é recoñecible a influencia da poesía de Novoneyra, hoxe case ninguén cuestiona a autonomía e a orixinalidade da voz poética de María Mariño.*

*María Mariño foi recibida nos anos sesenta como unha "nova Rosalía". O Día das Letras Galegas que se lle dedica este ano coincide co centenario do seu nacemento.*



## O que escribiron os críticos literarios:

*"É esta a obra dunha inusitada voz de muller popular galega creadora dun mundo mariñán, propio e intransferible, nacido dunha poética radicalmente intimista e dunha linguaxe absolutamente rupturista, inventada precisamente para expresar a inefabilidade desa extrema experiencia mística luminosamente escura. Nos seus versos agroma un irracional universo escuro cheo dun misterio esencial preñado do máis intenso pulo da razón cordial de vida que xira en torno aos temas esenciais da palabra, o tempo, a terra, o mar, o eu, o mundo, a chamada, a esperanza, a dor, a angustia, a melancolía, a nenez e a morte; e aos motivos máis destacables das estacións, do camiño, da pegada, do peito, do pulo, da loita, do tecer, do pan, da hora miña, da vida nova..." (Carmen Blanco, "María Mariño. Vida e obra", 2007).*

*"María Mariño asimila a obra de Novoneyra, a de Rosalía e vive con fondura a poesía popular (...). Palabra no tempo é unha obra revolucionaria. María Mariño forza na súa poética até máis aló da norma ou até o límite da norma, o sistema do galego e contraría interiormente a súa estrutura (...). Esta ruptura interior do idioma e conseguinte dislocación e confusión das súas categorías, prodúcese en función da loita por comunicar a súa experiencia mística da aniquilación. Experiencia, polo que parece, inefábel: como o son as semellantes que en poetas de diversas terras e tempos amosan, como único viero de comunicación, a interxección, a iloxicidade, o recurso a imposíbeis lingüísticos" (X.L. Méndez Ferrín; "De Pondal a Novoneyra", 1984).*

Encéndeseme o peito, brúa en alma soia  
-verba que comenza-

Ti que sabes de onde viñen,  
ti que sabes ben quen son,  
ti que ves por onde ando.

Ouh, raxea o tempo ca túa hora, raxea as cousas,  
ti xa morta, viva ou non sei, ti...

Pero, ¿quen es ti?

Se non peneiras o farelo, se non dás  
fermento á masa,  
se non coce xa o teu forno,  
¿que pan sacará o teu grao ben mundo?  
Ti, hoxe miña, soio hoxe, mañán xa  
non,  
mañán serás nebra nubra como outra.

Hoxe dime,

dime das cousas, dime se o meu de ti alento  
é alento ou bruma,  
dime se respiro ou afogo,  
dime daquela hora miña -día noso-

Ouh Natureza pequeniña e longa, hoxe  
ténote na man, cinguidiña aos meus dedos de  
terra

puño xusto da miña forza,  
soio latexo".



"Son a suma total  
daquel que foi medindo  
a pegada aquela que non digo,  
pegada que soia se puxo o seu nome.  
Son resta da esperanza -diferencia quedou-  
Multiplicada xa nactm,  
¿para que dividirme agora?"

San, enteira voume indo,  
san, enteira vou quedando,  
o paso xa me cederon,  
inda que o camiño se vira,  
vaise virando en duro,  
as pegadas ben se ven  
vense volcar nas penas,  
liman os picos dos montes,  
raxean o cume e o mar,  
raxean as alturas todas,  
raxean a néboa,  
raxean o sol,  
ráxeanse todas nunha,  
esta cinguese  
vaise cinguindo.  
¡Terra, alma dona!  
Pegada que soia  
se puxo o nome".



# Os Mileuristas

Pertencen á xeración máis preparada da historia de España, ronda a trintena, son universitarios e saben idiomas; porén, os seus soldos son moi baixos.

A abundancia de titulados e os cambios sociais impedíronlles chegar á meta. Comparten piso, non teñen coche, nin casa, nin fillos e xa se deron conta de que o futuro non está onde crían.

O mileurista é aquel licenciado novo con idiomas, posgraos, másters que non chegan aos mil euros. Gasta máis dun terzo do seu soldo no aluguer, non aforra, vive ao día. Pode que de primeiras sexa divertido, pero acaba cansando.

Os novos pobres de hoxe en día son os mozos. Os nacidos entre 1965 e 1980 gozaron dunha nenez dourada, duns pais abnegados e responsables e dun país moderno e optimista. Sortearon dúas crises económicas (a do 74 e a do 92), pero ninguén dubidou por aquel entón de que esa xeración, a máis numerosa, non fora vivir mellor que a precedente, que todas as precedentes; pero resulta que non é así. Agora, o obxectivo xa non consiste en formar unha familia como a dos pais. ¿Cal é entón?

Conforme van pasando os anos, un mileurista vai enchéndose de amargura. Comproba como o prezo da vivenda sobe e sobe, o que significa que vivirá condenado a compartir piso durante toda a súa existencia. Ou ben a asinar unha hipoteca que pagará cando se xubile.

O 30% dos mozos con idades comprendidas entre os 30 e os 35 anos aínda vive cos pais. Entre os que contan entre 25 e 29 anos, a cifra aumenta ata un 63%. E ata o 95% entre os novos de entre 18 e 25 anos. Son datos do Instituto da Mocidade e indican o escasísimo grao de emancipación da sociedade española, impensable en países do norte de Europa ou os Estados Unidos.


Sandra González Míguez.

## ¿Que é un mileurista?

*Unha persoa con boa formación, un soldo inferior a mil euros mensuais e poucas perspectivas de melloralo a medio prazo.*

*Trátase de xente de entre 16 e 37 anos. En España, en torno a catro millóns de persoas.*

*O mileurista é o que ve como o seu traballo non lle permite acceder a unha vivenda digna e debe renunciar a aspectos importantes do seu desenvolvemento como persoa, profesional ou cidadán.*




Observamos na actualidade a tendencia a criticar os baixos salarios daqueles que posúen maiores estudos e coñecementos. Non podo opoñerme a esta corrente de opinión. Quero dicir, recoñezo tantos anos de esforzo e, sobre todo, que eses coñecementos deberían de ter maior recompensa.

No entanto, ¿quen non se queixou algunha vez dos prezos desorbitados? Demandamos prezos máis baixos e, ao mesmo tempo, denunciámos o descenso dos salarios. Parece que teimamos en levarnos a contraria a nós mesmos. Se apoiamos este sistema cando nos beneficia, tamén deberíamos aceptalo cando beneficia os empresarios. Cuns salarios máis baixos, redúcense os custos e baixan os prezos. Quizais sexa un problema de mentalidade: non podemos esixir todo, prezos baixos e salarios altos. E como vivimos nunha sociedade consumista, quedámonos cos prezos baixos. Se realmente quixésemos un salarios máis altos, faríamos coma os franceses e sairíamos á rúa para esixilos. Pero os españois somos moi cómodos.

Os chamados mileuristas adoitan ser mozos con varias titulacións, varias carreiras e pouca experiencia; este é o seu maior lastre. O problema preséntase cando estes mozos empezan cos traballos peor remunerados.

As universidades, por outra parte, deberían revisar os seus programas de estudos porque as súas titulacións son cada vez menos aceptadas. Os mozos que mellor atopan traballos son os que proceden da Formación Profesional.

Silvia Fidalgo Domínguez.



## Os Mileuristas

Moitos dos empregos aos que na actualidade podemos acceder non nos permiten a independencia económica, xa que os soldos son inferiores aos mil euros. En canto se descuentan os gastos do aluguer do piso ou do pago da hipoteca, a alimentación, etc., axiña se comproba que tal diñeiro é insuficiente.

Atopámonos nunha sociedade na que moita xente nova se ve obrigada a vivir na casa dos seus pais ata pasados os trinta anos. As mulleres teñen os fillos cada vez máis tarde ou mesmo renuncian a telos por mor dos baixos soldos. Se unha parella quere unha vivenda de seu e se propón ter fillos, a muller debe tamén traballar porque un só soldo non dá para cubrir gastos.

Quizais o máis negativo de todo isto sexa que un soldo baixo non é sinónimo de traballar poucas horas. Hai traballos moi escravos, como por exemplo o de dependenta nunha tenda, nos que, ademais das horas que fas de cara ao público, se realizan moitas máis unha vez pechadas as portas. Son horas extras que a miúdo non se inclúen no contrato. Tamén pode ocorrer que o traballo nin sequera estea asegurado ou que o estea pero non pola totalidade da xornada laboral.

Pode que a causa desta situación se atope no conformismo dunha sociedade que protesta por asuntos irrelevantes, permanecendo indiferente ante feitos moito máis importantes. Os salarios que cobramos son un deses asuntos.

Persoalmente considero bastante xeitosa a cantidade de mil euros cando se empeza a traballar. Polo xeral, cando unha persoa é válida, sempre atopará portas abertas cara a mellores oportunidades.

Sara Vicente Salcidos.



**¿Toda a xente nova ben preparada é mileurista?**

*O mileurismo non afecta por igual a toda a poboación sobradamente preparada. Os fillos das clases acomodadas non aturan o mesmo nivel de frustración, xa que as súas relacións sociais -capital social- permítenlles desempeñar traballos máis acordes coa súa formación. É difícil atopar a mozos de trinta anos licenciados en Económicas de clase alta traballando de telefonistas.*

**Fuga de cerebros ao estranxeiro, unha alternativa.**

*Calcúlase que nestes momentos hai entre 2.000 e 10.000 mozos investigadores españois traballando no estranxeiro. Forman parte desa xeración, agora con trinta anos, á que o PSOE lle abriu masivamente as portas da universidade e lle facilitou con bolsas a súa posterior saída ao estranxeiro. Miles de investigadores nos que o Estado investiu moito diñeiro para formalos e facelos competitivos e que agora se atopan con que o sistema público non os admite, mentres que o sector privado simplemente non existe. A maioría nunca regresan (noutros países xeran patentes que logo hai que comprar) ou abandonan a investigación.*

## Os Mileuristas

Nestes momentos está creándose un novo tipo de grupo social denominado “mileuristas”. As persoas que forman parte del soen ser titulados universitarios e, por veces, están obrigados a desenvolver traballos como o de caixeiros en supermercados ou dependentes dunha pizzeria. Non é cuestión de desprezar estes empregos, pero cabe preguntarse pola utilidade dos estudos universitarios realizados. É frecuente tamén o fenómeno dos universitarios que deben marchar ao estranxeiro para realizar traballos de investigación.

Un estudante de segundo de bacharelato coma min cuestiona, fronte a semellante panorama, a decisión que ha tomar sobre o seu futuro unha vez fóra do instituto. Penso en todas esas persoas que ao termo dos seus estudos quedan en casa dos seus pais, sen independencia, sen poder compartir piso coa parella. Preguntádelles aos vossos pais a que idade deixaron de vivir cos seus maiores e seguramente vos contestarán que aos vinte e poucos anos. Agora a xente nin sequera abandona a casa dos seus pais aos trinta anos.

Antes había máis dun 20% de paro; hoxe, moito menos, pero de que serve traballar se non é no que a ti che gusta, sen poder tampouco evolucionar, sen levar unha vida na que dependas de ti mesmo, a que elixiches ao matricultarte na universidade.

Cabe a posibilidade de saír do teu país. ¿Onde están os mellores médicos ou os mellores científicos, todos eses especialistas que polo visto nos facían falla? Poucos son os que esperan que se lles dea aquí unha oportunidade.

Vexo a miña irmá estudando o terceiro curso dunha carreira universitaria e pregúntome se chegará a facer iso do que sempre fala ou simplemente se converterá nunha mileurista que non sairá de casa ata dentro de dez anos. Quizais sexa o futuro que tamén a min me agarda.

Antón Peleteiro



O termo mileuristas designa a mozas/os cunha gran preparación académica (carreiras universitarias, posgraos, másteres, varios idiomas...) que, malia iso, traballan por un soldo que non sobrepasa os mil euros e nunha especialidade que non é a súa.


Este parece ser o noso futuro: pouco esperanzador, case deprimente.

Tal vez sexa debido á pasividade coa que contemplamos os problemas e nos resignamos á situación, intentando vivir do mellor xeito posible sen reivindicar o que nos merecemos.

A pregunta é, ¿que facer para cambiar a situación? Sería imprescindible que baixasen os prezos das vivendas, eses minipisos nos que, en menos de trinta metros cadrados, se acomoda o baño e un salón-cociña-dormitorio a prezos desorbitados. Outro problema son os contratos-vasura.


Porén, vivimos nun país que, entre os ricos, é un dos máis pobres. A súa evolución, sempre lenta, fai que vivamos en situación de “inferioridade” con respecto aos nosos veciños europeos, nos que se asentaron as direccións e sedes das grandes empresas, polo que, se non mellora o futuro, teremos que vivir a experiencia dos nosos avós na emigración, pero no século XXI.

Laura Priegue González.





## ANOREXIA E BULIMIA



*Todos os días oímos falar de casos de mozas que padecen anorexia ou bulimia ou de modelos que, para mantérense extremadamente delgadas, non comen. Cando comen algo, as rapazas ou os rapaces que padecen anorexia pesan aquilo que inxiren e infórmanse sobre a cantidade de calorías que contén; e aínda así, logo vomítano.*

*A bulimia é outro transtorno alimenticio común.*

*A culpa destas enfermidades é, principalmente, da sociedade; unha sociedade que rende culto ao corpo, que nos mostra desfiles de moda e campañas publicitarias con modelos estéticos imposibles de acadar seguindo unha dieta saudable.*

*Nas tendas, os talles de roupa chegan, como moito, a unha corenta e catro. E se tes unha talle maior, cómpre ir a unha tenda de talles especiais.*

*A anorexia e mais a bulimia son unhas doenzas moi difíciles de curar porque se trata de algo psicolóxico. Por moi delgado que se estea, os anoréxicos seguen a verse moi gordos. Este problema afecta cada vez a máis xente.*

*Entre todos, debemos intentar cambiar o modelo estético actual por outro máis fácil de conseguir e máis saudable.*

*Patricia González Dios.*



*A anorexia e mais a bulimia son asuntos dos que na actualidade se fala moito. Uns meses atrás voltou a polémica sobre a extrema delgadez das modelos de pasarela, problema que se vén dando dende hai moitos anos.*

*A razón é que a sociedade acepta e valora a delgadez máis do debido. Os medios de comunicación fan que a maioría das adolescentes reflexionen sobre o seu corpo e adelgacen para conseguir a felicidade e triunfar na vida.*

*Son moitas as mulleres anoréxicas. Comeza como obsesión (por dicilo así) na adolescencia, aínda que tamén se pode dar máis adiante. Soen ser estudantes brillantes e de clase media ou alta. Algunhas delas comezan, por exemplo, levando a comida para o seu cuarto coa fin de botala ao lixo e, se falamos de bulimia, vomítala.*

*Adoitan tamén beber líquidos quentes posto que axudan a expulsar mellor a comida, realizan exercicio en exceso, toman laxantes, etc.*

*Son poucas as persoas que se dan curado destas enfermidades, aínda que con axuda de psicólogos, pode ser posible. Vista a cousa dende fóra, o proceso parece doado pero non o é.*

*Raquel Sofía Martínez.*

*No 95% dos casos o trastorno comeza cunha dieta severa.*

*Todas as rapazas están sometidas ao imperativo da delgadez, pero só desencadea un trastorno naquelas que teñen unha vulnerabilidade por factores biolóxicos e da personalidade.*

*Hai dous trazos de temperamento que predispoñen a unha anorexia: a tendencia a concibir calquera cambio como un perigo e unha forte dependencia da recompensa, o que lles dá unha gran capacidade para manter o esforzo aínda que se demore a gratificación.*

*O mesmo perfil de medo ao cambio, pero cun carácter máis proclive á procura de sensacións, predispón á bulimia.*

*En calquera caso, un factor común a ambos trastornos é a necesidade patolóxica de obter a aprobación dos demais. Por iso son cumpridoras e eficientes. Pero o trazo da personalidade máis vulnerable fronte á anorexia é o perfeccionismo. Isto tradúcese nunha baixa autoestima.*

*Nos últimos anos produciuse en España unha eclosión dos trastornos da alimentación, que afectan xa ao 4% das adolescentes. O trastorno soe iniciarse entre os 16 e os 18 anos, aínda que cada vez hai máis nenas de 12 e 13 anos. Un estudo aparecido na Revista europea de psiquiatría alerta de que hai moita doenza oculta, non diagnosticada, e unhas perspectivas preocupantes: o 20% das rapazas e o 8% dos rapaces corren o risco de enfermarse.*

## A SINDROME DO EMPERADOR

*Cada vez se presentan máis casos nos que os fillos maltratan, rouban ou pegan aos seus propios pais. É a síndrome do emperador. Son golpes sen resposta e insultos sen contestación. Son para nós pequenos díaños aos que non se lles pode parar os pés. Para si mesmos, tan só uns cativos aos que non queremos comprender.*

*Co paso do tempo, os nosos rapaces perderon a referencia do que está ben ou mal; ou, o que é peor, saben o que está ben ou mal feito, pero non lles importa pois non hai sentimento de culpa ao realizar o incorrecto, xa que non son capaces de poñerse na pel das persoas ás que magoan coa súa conduta.*

*Non falamos só duns nenos malcriados, senón de rapaces que se volveron violentos e autoritarios. Compórtanse como pequenos ditadores que non aceptan a negativa por resposta nin unha mínima contrariedade.*

*O rapaz goza coa violencia que exerce, con ese sentimento de poder que lle permitiu dende pequeno ter o que desexa. Son menores que, en moitos casos, chegan a esquecer os libros, coquetean coas drogas, delinquen, entran e saen da casa cando queren sen dar explicacións, péchanse no seu cuarto ou só saen para discutir cos seus pais.*

*As tres causas que producen a aparición desta síndrome son pais que non teñen nin tempo nin ferramentas para educar, profesores sen autoridade e unha sociedade permisiva. A xente nova non só se amosa insensible fronte á dor allea, senón que se afai a resolver os problemas de xeito violento.*

*Trátase dun problema de difícil solución, pois eses rapaces non están dispostos a ceder, e os seus pais avergónñanse do comportamento dos seus fillos e non son quen de buscar axuda ou solución. Se os pais os denuncian, os expertos non poden axudalos porque só poden intervir cando o caso é realmente grave e causa problemas fóra da casa, algo que soe ocorrer. Deprimidos, os pais, caen no xogo de insultos e berros cos seus fillos.*

*Por iso, aos fillos cómpre darlles unha boa educación, ensinándolles os valores máis importantes da vida, como o compañeirismo ou a amabilidade cos demais. Cómpre manter a calma, ser pacientes e non desesperar.*

Alba Filgueira



*Case 5.000 pais españois denunciaron en 2005 malos tratos dos seus fillos. É seguro que en 2006 esta cifra será superada porque, segundo datos do Ministerio do Interior, en setembro xa se contabilizaban 4.000 casos. Estas denuncias son só a punta do iceberg dun problema que ata hai moi pouco foi tabú na nosa sociedade: o dos fillos que maltratan os seus pais. A idade destes rapaces maltratadores está entre os 12 e os 18 anos.*

*Alguns expertos manteñen que o dos fillos violentos que se remexen contra os seus pais ata chegar ao maltrato físico é un conflito de sociedades desenvolvidas que empeza a aflorar en diversos países, non só en España.*

*Poién non todos os expertos se poñen de acordo nas causas. Mentres uns sosteñen que é un problema de mala educación, de excesiva permisividade, tanto familiar como social, que fai que alguns nenos consentidos e caprichosos se convertan en auténticos ditadores, outros afirman que a causa é dobre que, aínda que o ambiente é importante, hai que contar cunha suposta incapacidade xenética destes nenos para desenvolver emocións morais auténticas -empatía, amor, compaixón-, o que desemboca nunha gran dificultade para mostrar arrepentimento polas súas malas accións.*

## A SINDROME DO EMPERADOR

Moitas veces confundese os rapaces que padecen a síndrome do emperador con aqueles outros chamados "caprichosos", aínda que non existe unha liña precisa que separe un tipo do outro.

Estes rapaces non son quen de ter emocións coma nós, non son empáticos e fan o que sexa para conseguir o que queren. Crean situacións inaturables e chegan a maltratar física e psiquicamente os seus pais.

Cando atopamos cun destes rapaces, tendemos a botarlles a culpa aos pais, que o maleducaron e permitiron todos os seus caprichos. Non é así. En moitas familias hai fillos que foron criados dun mesmo xeito e no mesmo entorno e, sen embargo, diverxen nas súas condutas; un non causa o tipo de problemas dos que falamos e o outro, si.

Pola miña parte, estou convencida de que existe algunha compoñente de tipo biolóxico que determina que o neno saia así ou non. Eses rapaces propensos a tal tipo de condutas maniféstanse en familias con problemas ou cando son criados en ambientes de violencia.

Esta influencia, a da violencia, é hoxe en día moi grande: os xogos, as películas, os carteis da rúa e mesmo a forma que temos os adolescentes e os adultos de tratarmos, ensinanlles aos nenos que coa violencia se conseguen as metas perseguidas, por máis que a realidade non o confirme.

Non é certa a nosa crenza de que os nenos están protexidos desta violencia ambiental. Abonda con ollar a televisión ás catro da tarde (horario, día, de protección do menor) e contemplar eses programas de chismes e murmuracións nos que as persoas se acusan de verdadeiras barbaridades aos berros. En medio aparece a propaganda das series que pasarán pola noite. Nada hai nestes programas dos valores que cómpre transmitirles aos nenos, incapaces de discernir a realidade da ficción.

Así pois, considero que para axudar aos nenos que padecen a síndrome do emperador e as súas familias, primeiro deberíamos modificar o mundo no que vivimos. O contrario sería o mesmo que dicir: "Fai o que digo e non o que fago".

Leda Marina Brusi

Trátase, segundo unha catedrática de psicoloxía, dun problema xeral de violencia cos adultos que se exerce contra profesores e familias. Nun estudo con adolescentes conflictivos detectouse distintas actitudes familiares comúns. Unha, que as familias utilizaran o castigo físico cando o neno era pequeno, aportando un modelo autoritario, de dominio-submisión, para intentar controlalo. Outra, onde se combinaban os métodos coercitivos, utilizados no franquismo, cunha permisividade excesiva. Unha permisividade que se converte en violencia cando o neno pretende saír coa súa, desobedecer e someter o adulto. Daquela o adolescente vólvese un pequeno tirano.

# DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA

## OITO DE MARZO

O oito de marzo de 1908 as traballadoras do téxtil da fábrica "Cotton" de Nova Iorque declaráronse en folga para reivindicar melloras nas súas condicións laborais. Ante a negativa do patrón a atender as súas reivindicacións, pecháronse na fábrica. Durante este peche declarouse un incendio e morreron todas as traballadoras.

Na II Conferenza de Mulleres Socialistas, decidiuse propoñer o 8 de marzo como data histórica para reivindicar os dereitos das mulleres.

A cor malva como símbolo da loita feminista débese a que esa cor era a do tecido co que as mulleres traballaban naquela época.

Nestes últimos anos, dende que na Alemaña ou Chicago se chamou ás obreiras socialistas a loitar polos seus dereitos e a celebralo mundialmente cada ano cunha xornada reivindicativa, o oito de marzo constituíuse como a data emblemática que une a vella loita polos dereitos políticos e sociais das mulleres e mais o recoñecemento deses dereitos na vida cotiá, que deron en chamarse simbólicos e culturais: os dereitos da diferenza.

Neste século de loita que está case a piques de cumprirse, as mulleres de todo o mundo conseguimos, con perseveranza, organización, coñecemento e mais decisión, tres cousas fundamentais:


- O recoñecemento dos nosos dereitos políticos.
- O recoñecemento mundial dos nosos dereitos humanos, que inclúen unha nova visión da violencia privada e pública contra as mulleres, o que deu como resultado leis e programas contra os abusos.



- Finalmente, logrouse o recoñecemento dos nosos dereitos sexuais e reprodutivos, ou sexa, a liberdade do corpo, cando menos teoricamente. Este recoñecemento foi ratificado por 184 gobernos no seo da Organización das Nacións Unidas. En moitos países é legal o aborto; noutros, como o noso, está parcialmente despenalizado.

Non obstante todo o anterior, cómpre recoñecer que as mulleres aínda somos as pobres entre os pobres. Preto de mil millóns de mulleres no mundo estamos por debaixo do nivel da pobreza extrema; aínda non é paritaria a educación inicial e profesional entre homes e mulleres e os nosos corpos aínda son botín de guerra. As aldraxes reais e simbólicas á nosa integridade son cousa de todos os días.

O oito de marzo tamén se fixo institucional e foi adoptado polos estados que forman parte da Asemblea Xeral de Nacións Unidas. Foi en 1977 cando se invitou aos gobernos a que proclamasen un día do ano como Día para os Dereitos da Muller e mais a Paz Internacional.



## DÍA INTERNACIONAL DA MULLER TRABALLADORA



MARIE CURIE (1867-1934)

Marie Sklodowska, máis coñecida como Marie Curie, era unha rapaza polaca á que lle apaixonaba o estudo das ciencias. En 1894 casou con Pierre Curie, que tamén era científico. En 1902 os esposos Curie probaron a existencia do polonio e do radio, ambos descubertos por eles catro anos antes. En 1903 a Academia de Ciencias de Estocolmo anunciou que o Premio Nóbel de Física se dividiría entre Becquerel e os esposos Curie.

Pierre morreu en 1906 atropelado por un coche de cabalos. Suecia, en 1911, concedeuulle a Marie Curie o Premio Nóbel de Química, e pouco despois, no ano 1934, morrerá a causa dunha leucemia provocada pola súa prolongada exposición ás radiacións.

Becquerel descubriu que os sales de uranio emitían espontaneamente, sen exposición á luz, certos raios de natureza descoñecida. Un composto de uranio colocado sobre unha placa fotográfica cuberta de papel negro, deixaba unha impresión na placa a través do papel. Era a primeira observación do fenómeno ao que Marie designou logo co nome de radioactividade; pero a natureza da radiación e a súa orixe seguían sendo un misterio. Mentres se atopaba estudando os raios de uranio, Marie descubriu que os compostos formados por outro elemento, o torio, tamén emitían raios coma os do uranio; en ambos casos a radioactividade era moito máis forte do que podía atribuírse á cantidade de uranio e torio contida nos produtos examinados. ¿De onde proviña esa radiación anormal? Só había unha explicación posible; os minerais debían conter, aínda que en pequena cantidade, unha substancia radioactiva moitísimo máis poderosa que o uranio e o torio, e por forza tiña que ser un elemento químico ata daquela descoñecido.

Marie e Pierre comezaron xebrando e medindo a radioactividade de todos os elementos que contén a pechblenda, mineral de uranio; os seus achados indicaron a existencia de dous elementos novos no canto de un. En xullo de 1898 os esposos Curie anunciaron o descubrimento dunha desas substancias ao que denominaron polonio en recordo da súa amada Polonia. En decembro daquel ano revelaron a existencia do segundo elemento químico, ao que denominaron radio. Aínda cando coñecían o método que lles permitía illar os dous elementos, cumpría dispoñer de grandes cantidade de material en bruto para extraelos.

Finalmente, en 1902, Marie logrou o éxito: conseguira preparar un decigramo de radio puro e determinara o peso atómico do novo elemento. A partir daquel momento o radio existía oficialmente.

## TAMARA DELEMPICKA

Naceu en Varsovia en 1898. O seu apelido procede do seu primeiro marido. A súa infancia transcorre entre San Petersburgo, Karlsbad, Marienbad, Montecarlo e Italia, onde visita os museos de Roma, Florencia e Venecia. En San Petersburgo coñeceu ao que sería o seu primeiro marido. Alí vive cando estoupa a Revolución Bolchevique. Como o marido se involucra na contrarrevolución ten que fuxir a París. Aquí é onde Tamara comeza a pintar formándose á beira de Maurice Denis (artista próxima aos Nabis) e André Lothe (de formación cubista).

Tamara desenvolve un estilo enigmático e persoal adscrito ao Art Deco e nos anos vinte convértese en retratista de moda da aristocracia, abraíando coa deliberada sensualidade da súa arte.

En 1927 o seu marido parte para Polonia, abandonándoos a ela e mais a súa filla Kizette. En 1933 Tamara casará co barón Kuffner co que se trasladará cinco anos despois aos Estados Unidos.

A finais dos anos trinta comeza o seu lento declinar sufrindo crises depresivas que motivan a intervención dun psiquiatra. Segue pintando, pero en 1943 sufrirá os primeiros síntomas da arterioesclerose. Á morte do seu marido establécese en Cuernavaca (México), onde morre en 1980. As súas cinzas son esparexidas no volcán Popocatepetl.

Fermosa e elegante, mundana e sofisticada, converteuse no fascinante símbolo de toda unha época.



## GALEGO NAS AULAS

**ESTABLÉCESE PARA O PRÓXIMO CURSO UN MÍNIMO DE 50% DE AULAS EN GALEGO.**

A Consellería de Educación vén de anunciar un novo decreto acordado polos tres partidos parlamentarios galegos (PP, PSOE e BNG) que obriga aos centros de ensino non universitario a impartir, como mínimo, a metade das clases en lingua galega. Para garantir o cumprimento do texto legal, Educación avaliará a situación para comprobar o índice de aplicación das medidas acollidas na norma.

Logo de moitos anos de loita, o galego comeza a ser considerado e será introducido, no próximo curso, nun 50% das materias impartidas nos centros educativos.

Coido que é un dos mellores xeitos de salvar a nosa lingua, esa que marca a nosa identidade. Pero, por outra parte, vexo tamén un inconveniente en que moitos profesores non son da nosa comunidade e non saben defenderse en galego; deberían realizar cursos de iniciación para mellorar o seu uso xa que, residindo en Galicia, non estaría de máis que o aprendesen.

Ademais, empregar o galego nas aulas tamén fomentará o seu uso fóra dos centros. O galego non só debe aparecer nos libros de textos, senón nos apuntamentos e nos coloquios. Así nos familiarizaremos coa lingua aqueles galegos que non o estamos.

Esta medida ha servir tamén para que moitos estudantes aprendan a respectar e apreciar a nosa lingua, o galego.



Magali Martín Lago

Xa era hora de que houbera unha lei como a que se vén de decretar para o vindeiro curso. A lei obrigará a todos os centros, tanto públicos coma privados de toda Galicia a impartir o 50% das materias. Os centros que o desexen poderán impartir aínda máis aulas nesta lingua.

A lei actual só obriga a impartir certo número de materias, pero a maior parte das veces non se cumpre xa que moitos profesores que terían que dar a súa aula en galego non o fan.

Esta lei vainos beneficiar moito a todos os galegos; deste xeito imos aprender a falar e a escribir dende pequenos moito mellor a nosa lingua, o galego.

Sara Rodríguez.



### Artigo 7.- Educación Primaria.

En toda a etapa de educación primaria garantirase que, como mínimo, o alumnado reciba o cincuenta por cento da docencia en galego, sendo de **impartición obrigatoria en galego as áreas de matemáticas, coñecemento do medio natural, social e cultural e educación para a cidadanía e dereitos humanos.**

## GALEGO NAS AULAS

Estamos en Galicia, aquí fálase galego e agora mesmo a maioría das materias danse en castelán. Paréceme ben que se queira que os estudantes aprendan no idioma da terra onde viven.

Supoño que queren que falemos máis galego, pero con iso non fan nada. Quen queira falar en galego falará porque quere, non porque lle estean metendo polos ollos este idioma.

Outro problema é que queiran obrigar aos profesores. ¿E se o profesor non quere falar galego? ¿Botarano do seu traballo? Paréceme unha inxustiza pois penso que as persoas son totalmente libres de falar como queiran e no idioma que queiran.

Pero ben, esta iniciativa a min persoalmente non me fai dano porque tanto me ten dar as miñas aulas en galego ou en castelán. Mentres entenda o que me explican, ¿que me importa?

Rebeca Álvarez Crespo.



### Artigo 8.- Educación Secundaria Obrigatoria.

1. Na educación secundaria obrigatoria impartiranse en galego as seguintes materias: **ciencias da natureza, ciencias sociais, xeografía e historia, matemática e educación para a cidadanía**. Cando a materia de ciencias da natureza se desdobre en bioloxía e xeoloxía por un lado, e física e química por outro, ambas as dúas materias se impartirán en galego.

2. Ademais das materias establecidas no apartado anterior, o consello escolar a proposta vinculante do claustro completará o número de materias, excluída a materia que a LOE determina que ten carácter voluntario para o alumnado, que garantan que como mínimo o cincuenta por cento da docencia se imparta en galego en cada un dos cursos desta etapa.

Esta medida pode ser moi positiva para evitar a diglosia e a perda da nosa lingua, que é parte da nosa historia e da nosa cultura. Esta iniciativa pretende que os mozos aprendamos a convivir co galego e a apreciálo, á que vez que adquirimos soltura ao empregalo xa que, ao contrario do que pasa noutras comunidades con linguas propias, nós parecemos ter unha certa reticencia a empregar a nosa. Por outra parte, este cambio pode prexudicar a alumnos e profesores foráneos que quizais atopen certas dificultades para entender os contidos ou, no caso dos mestres, para explicalos con desenvoltura. Ademais, algúns pais e adultos en xeral poden opoñerse a esta reforma, pois moitos deles foron obxecto de burlas na súa época de estudantes, durante o franquismo, por expresarse só en galego e foron mesmo forzados a pasarse ao castelán. Esta situación puido crear resentimento, e estas persoas pode que pensen que a nova medida é unha especie de broma pesada ao lembrar o mal que o pasaron só por usar na escola a lingua que coñecía, a que escoitaron dende que naceron, a dos seus fogares.

A pesar de todo isto, non debemos dudar das boas intencións coas que se propón esa lei, que pretende normalizar o galego, aínda que tamén temos que comprender un posible rexeitamento por parte dos que non están afeitos a empregalo e que, polo tanto, se senten máis seguros co castelán, ou por parte de quen sufriu algún tipo de discriminación por expresarse na súa lingua.

Ana Martínez Puga.

## GALEGO NAS AULAS

Na miña opinión trátase dunha boa lei para o avance da consideración da lingua galego e máis neste ámbito, a educación, tan importante para axudar a inculcar ás novas xeracións unha serie de importantes valores morais e culturais.

Agora ben, teño certas dúbidas sobre o adecuado cumprimento desta lei. Suponse que os alumnos na actualidade deberíamos ter unha serie de materias (bioloxía, historia, etc.) en galego, pero ocorre que a realidade é completamente distinta.

Hai un numeroso grupo de alumnos que intentan protestar e reivindicar os seus dereitos neste campo, aínda que Vigo non sexa o lugar máis indicado.

A maioría dos profesores que incumpren esta lei atribúeno ao feito de discriminar o galego a que veñen de fóra da nosa comunidade, a que non se atopan cómodos falando galego, a que non serían quen de ensinar correctamente, etc.

Tamén hai outro grupo de alumnos que coidan que o galego non se debe integrar nos nosos estudos xa que pode supoñer un atraso á hora de cursar estudos superiores noutra parte de España. Refírense a algúns conceptos que se expresan de xeito moi distinto en galego e castelán.

Está claro que sempre haberá opinións diverxentes, pero pola miña parte espero que a esta nova lei sexa cumprida e respectada por todos e que se lle dea a mesma importancia que se lle atribúe ás demais leis.

Marta Ayude Pumar.



Coido que a nova medida está ben xa que o galego ten os mesmos dereitos có castelán a estar presente no ensino e tamén nos outros ámbitos da vida. É unha lingua igual ao castelán e non debería estar discriminada.

Esta medida está ben sobre todo nos estudos primarios, xa que así as nenas e nenos se acostumarán a oír tamén o galego e posiblemente se acostumen tamén a falalo.

Coido que isto non debe quedarse só no ensino, senón que debería seguir avanzando para que o galego estea por fin completamente normalizado para que as persoas que así o queiran poidan facer a súa vida en galego.

Alexandra López.

O MEU FILLO NON  
FALA GALEGO:  
PERDÓN,  
MEA CULPA\*

porque pensei que

chegaba con falarllo

desde que naceu.

sei que o sabe

falar, pero a min

non mo fala.

\*

aínda estou a tempo de intentalo



## GALEGO NAS AULAS

### Artigo 9.- Bacharelato.

Polo que respecta as ensinanzas de bacharelato especificarase na normativa que desenvolva a lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación as materias que deberán impartirse en galego **garantindo que, como mínimo, o alumnado reciba o cincuenta por cento da súa docencia en galego.**



### O CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA DENUNCIA O FRACASO DA LEXISLACIÓN SOBRE O GALEGO.

Existe un grao de fracaso insólito da lexislación, pois nin sequera se cumpre a normativa naquelas materias nas que o galego é obrigatorio; polo tanto a normalización que a lei preconiza está moi lonxe de acadarse”

Isto correspóndese cunha política lingüística oculta, calculada, con aparencia galeguista, pero que procura a desgaleguización.

A Administración educativa galego durante as últimas décadas (e sabemos dende que tipo de presupostos ideolóxicos) foi artífice da actual situación; o seu obxectivo era que o galego fose decorativo nos centros de ensino. Contou coa axuda inestimable dun profesorado formado por antigos progres que se uniu, primeiro por comodidade e logo con entusiasmo, á política lingüística antigalega dos gobernos de Fraga. Agora, os novos tempos atópanos co pé cambiado.

### DISCREPANCIAS ACERCA DA LINGUA GALEGA EN EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA.

#### Segundo uns:

“Os nenos en Educación Infantil aprenderán a ler e escribir na súa lingua materna, pero progresivamente irá ensinándoselles a ler e escribir no outro idioma oficial da comunidade, pois cando cheguen a Primaria, a metade das clases será en galego e a outra metade, en castelán. Deste xeito, dáse marcha atrás na proposta para que todos os nenos aprendesen a xuntar letras en galego” (Extraído de “O faro de Vigo”).

#### Segundo outros:

“Estímase que unhas 100 aulas de Infantil e Primaria, parte ínfima das existentes, imparten hoxeendía as clases integramente en galego, coa excepción dos idiomas. **O novo decreto establece que os alumnos de Educación Infantil aprendan a ler e escribir na lingua materna que predomine en cada aula.** Progresivamente serán ensinados a ler e escribir na outra lingua ficial que sexa minoritaria na clase. É dicir, se hai unha maioría de nenos castelán-falantes, como adoita ser o caso, a profesora terá a obriga de impartir as clases en castelán, sen esquecer a aprendizaxe do galego. O resultado desta norma será que a práctica totalidade do ensino infantil e primaria se impartirá case totalmente en castelán, de xeito que a situación non sufrirá variacións respecto da actualidade” (Extraído de “A nosa terra”).

Curso 06-07 2º A



Curso 06-07 2º B






Curso 06-07 2º D



Foto real de alumnos en sesión de traballo

HAI OUTROS XEITOS DE ESTUDIAR UNHA CARREIRA...



...APRENDENDO A RESOLVER PROBLEMAS EN EQUIPO

Carreira Universitaria en Administración e Dirección de Empresas

Bacharelato en Business Administration

B.B.A

Business Administration

Otorgado por:



Estudiando casos reais, cos mellores profesionais e a máis moderna metodoloxía de aprendizaxe.

Dándolle un pulo á nosa vida profesional con prácticas en empresas.

Título Oficial Británico que non ten carácter oficial nin a validez nacional que recolee o artigo 24 da Ley Orgánica 6/2001 de Universidades, homologable ó título oficial de Licenciado en Dirección e Administración de Empresas en España. O 100% dos titulados que o solicitaron xa posúen o título homologado.

escuela de negocios caixanova



## O TEATRO DO INSTITUTO



### Unha representación de humor funerario

#### “Os cravos de prata”

Este é o título da obra que as actrices están ensaiando. Pero un título quizais máis adecuado sería “O velorio”, unha gloriosa cerimonia da nosa tradición cristiá por desgraza caída en desuso. Tamén a morte se industrializa na sociedade actual.

#### O velorio

O velorio é a ocasión adecuada para a derradeira conversa cos nosos seres queridos, unha boa oportunidade para entrar en relación co outro mundo, a posibilidade para vivir unha esmorga sonada -o botellón, comparado, resulta anódino- ou o momento oportuno para resolver as pelexas familiares.

Cando, como nesta obra, o morto está en realidade vivo, o velorio tamén permite rir con ganas.

#### As actrices

¿E os actores? A directora, Xiada Míguez, á que todos lembramos como unha magnífica actriz na súa época de alumna deste instituto, responde amolada que ningún rapaz se presentou. ¿Son uns lacazáns? ¿Pensan quizais que o teatro non é cousa de homes?

Nos tempos de Shakespeare, ás mulleres estáballes prohibido o oficio de actor. Xulieta, entón, era representada por un actor. Hoxe a cousa é exactamente ao revés.

O observador coida que está coas rapazas máis intelixentes, fermosas e vivas do instituto. Elas son: Nerea Castro, Rocío González, Jezabel Guisande, Lucía Cameselle, Lúa Román e Andrea de León. ¡Canto as queremos!





### Os ensaios

Todas -actrices e mais directora- resolven cada escena interrompéndose seguido. Hai que decidir cal é a expresión, o momento, o ton de voz adecuados en cada ocasión. A miúdo equivócanse. “¡Ai, merda!” “Aquí deíxeime algo”. “Esquecino”. Mentres unha das actrices atende ao comentario ou a suxerencia da directora, outra dá uns pasos de baile. Quen mellor vive os ensaios é a actriz que representa ao morto, deitada comodamente no cadaleito. O seu riso (hi, hi, hi, hi) divirte primeiro e logo termina desacougando. Entre bastidores, tres actrices máis charlan das súas cousas ou preparan os seus papeis. Non se sabe ben. A directora mándaas calar cada dúas por tres.

### A directora

“Vocaliza”, “máis alto”, “ponto de inflexión”, “os personaxes son persoas que pensan”, “dicides todo igual”, “non subas o ton; canto máis alto, menos se entende”, “tes que saber onde pos os pés”, “primeiro fas o que cómpre, logo xa me preguntará”, “¡asustádevos!”, “mellor, moito mellor”. Está afónica. É un oficio moi duro o de directora.

### Unha escena con todas as actrices no escenario (escolma de frases).

- ¡O espírito de Pat!
- ¡Que espírito nin que carallo!
- ¡É que non queres morrer?
- ¡Morre, veña, morre!
- ¡Morre, Pat, morre, por fayer!
- Razo: non podes resucitar.
- Por fin morreu. ¡Loado sexa Deus!



# NOTICIAS DA LINGUA



**A sociedade galega e o idioma** é un estudo que compara os datos do Mapa Sociolingüístico de Galicia, de 1992, coa Enquisa do Instituto Galego de Estatística de 2003. O dato máis positivo é que o idioma comeza a recuperarse entre a mocidade, ou polo menos, fréase a tendencia á perda de falantes. Os monolingües en galego entre os 26 e 35 anos son o 29'4%, entre 16 e 25 anos son o 27%, entre 16 e 25 anos son o 28%.

As cifras totais constatan a suba de monolingües nas dúas linguas: en castelán pasan do 10'6% ao 18'5 %; e en galego, do 38'7% ao 44'4%.

En Vigo, só o 24'5% da poboación fala máis galego ca castelán; e o 47% é monolingüe en castelán. Na Coruña e Ferrol esas porcentaxes son 29'1% e 40'9%. Pola contra, en Ourense, o 57'6% fala máis galego ca castelán.

## OPINIÓNS


“Outro dos paradoxos do galego é que, malia estar presente nas aulas por primeira vez na historia, da escola saen menos galegofalantes dos que entran. O 50% do ensino non universitario en galego, aínda que legal, segue sendo unha quimera. Segundo denuncias reiteradas da Mesa pola Normalización Lingüística, **incumpren a normativa o 90% dos centros de infantil e primaria, o 77% dos centros da Eso, o 63'2% de Ciclos Formativos e o 87'5% dos de Bacharelato.** E iso no ensino público” (X.M. Pereiro, xornalista).

“Moitos pais galegofonos non lles transmiten o galego aos seus fillos porque para eles o seu idioma segue a ser un idioma sen prestixio. O galego aínda segue a ser a lingua maioritaria do país, pero sacar adiante nenos galegofalantes, en xeral, é unha heroicidade que esixe verdadeira militancia. Algúns sabemos o custo que para os nenos ten iso. Por moito que diga a clase política do país, **o sistema nin defendeu nin defende os galegofalantes, sobre todo os máis novos. Os mozos vense obrigados de feito a vivir nunha inmersión que se realiza fundamentalmente en castelán. O sistema educativo autonómico contribuíu a desgaleguizar moitos nenos e mozos instalados en galego dende a primeira infancia.** Sermos amablemente esixentes no respecto dos dereitos lingüísticos conquistados e amablemente intransixentes no uso diario do galego será a posición dos que arelamos vivir nunha Galicia co galego como lingua de uso normal” (Francisco Fernández Rei, catedrático de Filoloxía Románica).

“Ando estes días con moitísima envexa. Quixera retroceder un cuarto de século e comezar a miña vida social nunha **Galescola**, e non na gardería do meu barrio, da que non lembro moito pero sei que por arte de maxia me cambiou o idioma. Nunha galescola aforraría a vergoña por mesturar as palabras e dicir *codia* en vez de *corteza*. Os párvulos sonvos moi crueis. Tamén evitaría odiar aos meus pais por falarme distinto ao que falaba “todo o mundo” ata que de maior souben que a “todo o mundo” lle falaban a mesma lingua rara na casa, e o castelán só o usabamos de paripé social. Daquela, por sorte, esquecín toda esa leria e, cun pouco de esforzo, recuperei a miña lingua en todos os ámbitos, pero sei de moitos que aínda seguen co trauma” (María Yañez, xornalista).

## Deportes

“rally lingüístico sobre oficina”



## NOTICIAS DA LINGUA



## A REPRESIÓN

O Hotel Louxo da Toxa incluíu este mesmo ano nas súas “Normas de cortesía do departamento de recepción”, manual que distribuíu entre os seus empregados, ademais de, por exemplo, a indicación de “manter sempre unha actitude de amabilidade e cortesía co cliente”, outra que di literalmente: “Manter posturas correctas diante do público, non falar con compañeiros e **non falar en galego**”.



O coñecido presentador de televisión **Jesús Vázquez** criouse en Ferrol. Aos dez anos trasladouse coa familia a Madrid: “Foi brutal. Pasei dun colexio laico e mixto de provincias ao ambiente de misa diaria e tintes fascistas dun colexio masculino de curas. Eu levaba todas as papeletas: **tiña acento galego, era gordo, con gafas de cu de vaso e pluma. O máis suave que me dicían era vaca galega.** Tamén me pegaban, pero eu encargábame de que non o soubese ninguén. Sería engadir vergoña á vergoña e medo ao medo”.

# 8 DE NOVEMBRO-06 FOLGA ESTUDANTIL

## PARAMOS OS INSTITUTOS PARA QUE O GALEGO EXISTA



Moc'dAde  
po!A NormAlizAción  
Linguística

[www.antesdell.org/861106](http://www.antesdell.org/861106)  
[modularenamesa.org](http://modularenamesa.org)



Montse Irago, graduada social, foi despedida dunha xestería de Pontevedra por falar en galego. Outro dos requisitos que tiña que cumprir para traballar era usar traxe, tacóns e ir maquillada. “Á miña xefa de Pontevedra gustoulle o meu currículo e pensou que podía *quitarme* iso do galego. Unha rapaza mona, ben vestida e maquillada, ¿como ía falar galego? Se es mona e falas castelán, dá igual que sexas unha taruga. ¡Para que iría eu á universidade!”, declarou Montse nunha entrevista.



## VIAXE Á ILLA DE SAN SIMÓN

O día 27 de marzo os alumnos de segundo de bacharelato realizamos unha visita á illa de San Simón dentro do programa impulsado pola Consellería de Cultura creado para os alumnos de ensino da bisbarra viguesa.

O desacougo de quen se achega ao descoñecido era patente no grupos de mozas/os. Foran moitas as veces que oíran o nome da illa, pero pouco sabían dela, da súa paisaxe, da súa orografía e, sobre todo, da súa historia.

Dende a distancia xa se podía albiscar un enclave creado pola mente máis lúcida endexamais existente. O astro Sol, que gobernaba os ceos daquela mañá, parecía dar a benvinda ao mesmo paraíso. Nada máis lonxe da realidade, pois o paraíso tamén fora o inferno.

Desembarcamos nun peirao de pedra moi ben disposto e, de inmediato, atopámonos cunha vexetación que destacaba pola súa fermosura. Árbores inmensas e plantas que parecían estar coidadas pola man de Deus. Camiños empedrados que lembraban os de antano e edificios que se inserían perfectamente no conxunto da illa. Reinaba unha harmonía perfecta, entre o natural e o artificial.

O archipélago que conforman as illas de San Simón e San Antón semellaba alzarse como un artificio nacido para ser refuxio de mariñeiros e navegantes aventureiros ou tal vez desventurados; un lugar para afastarse do mundano, pero á vez para achegarse ao mundo. Miles son os pensamentos que a calquera lle pode suxerir este anaco de terra chantado en medio da ría de Vigo, porén tan só unha é a verdadeira historia, unha historia que supera todo o humanamente imaxinable.

Unha illa engaioladora que non foi allea aos desexos da humanidade e que, como tal, contou con moradores dende tempos inmemoriais. Ningunha cultura escapou ao canto de serea que sae do máis profundo do seu seo: romanos, celtas, musulmáns... Tamén foron numerosas as ordes relixiosas que ergueron os seus mosteiros dende a alta idade media. A paz espiritual da que gozaban os monxes que habitaban o arquipélago viraría co tempo en aires de guerra. En 1702 as illas ficaron en medio do que probablemente foi o acontecemento máis trascendental acaecido na ría de Vigo: a batalla de Rande, que enfrontaría a mariña francoespañola e a angloholandesa. Un século despois as illas converteríanse nun lazareto marítimo, é dicir, nun centro de tratamento e prevención de enfermidades epidérmicas co que se pretendía cando menos evitar o espallamento do contaxio.

O tráfico de ultramar incrementouse ao longo do século XIX e fíxose imprescindible a apertura dun centro onde os comerciantes debían pasar o período de corentena antes de que se lles permitise pisar o continente europeo. Foi esencial o labor realizado na illa de San Simón, labor que perduraría ata o ano 1927, aínda que nos últimos anos os avances da medicina volvérono innecesario.


Foron moitos os acontecementos que presenciaron estas illas, pero nunca antes o home amosara o seu peor aspecto, esa maldade que ata daquela permanecera agochada.



## VIAXE Á ILLA DE SAN SIMÓN

Foi no ano 1939 cando o réxime franquista acondicionou a illa de San Simón para converterse, baixo o nome eufemístico de colonia penitenciaria, nun dos elementos daquela cruenta maquinaria de opresión social. Entre os anos 1936 e 1944 os edificios hoxe restaurados albergaron os presos. Entrementes, a illa de San Antón servía de cuartel para os soldados. As condicións de vida eran moi duras, aínda incrementadas pola aparición de graves problemas sanitarios e polo tenso clima provocado pola contenda civil. Resulta hoxe moi difícil imaxinar unha vida con tal sufrimento despois de ver o estado no que se atopa este paraíso tan próximo.

Trátase dun lugar para o recordo, un recordo que serve para reconecer a tantas persoas que loitaron pola liberdade dun país. Cunha ollada cara a atrás despedímonos destas illas, coa seguridade de que a pegada que deixan en nós será indeleble.



# NOVAS DO ENSINO

## EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA: A nova materia establecida pola Lei Orgánica do Ensino (LOE).

### Razóns para defender a nova materia.

1. O nivel de convivencia estase deteriorando na sociedade. A escola non pode resolver todos os problemas, pero si colaborar.
2. Cómpre unha formación seria en valores e comportamentos éticos.
3. É oportuno incluír num currículo único moitas das ensinanzas que agora se dan espalladas: educación para os dereitos humanos, educación para a paz, contra a violencia, contra a discriminación racial, educación da sexualidade. Todas teñen un fundamento ético común.
4. Moitos pais non son quen de tratar de asuntos éticos cos fillos, o que está a provocar un analfabetismo ético perigoso que a escola ten que corrixir.
5. Unha democracia precisa que os cidadáns teñan unha educación xurídica, económica e política profundas.
6. Se esta materia tivese éxito, a convivencia escolar e social e tamén o ensino mellorarían.

“¿Teñen razón os pais que reclaman o seu dereito a educar moralmente a seus fillos? Sen dúbida. E se todos o fixesen cunha marabillosa eficacia, a escola podería dedicarse a outra cousa. Non é así, por desgraza, e o sistema educativo ten que completar carencias sociais enormes. Pero nin sequera esa dedicación educativa das familias resolvería o problema. Cada familia vai educar de acordo coa súa moral (católica, musulmana, atea, comunista, liberal, anarquista ou a que sexa) que se pode enfrontar a outra moral. Por esta razón precisamos unha educación en valor comúns, transculturais, universais, máis alá da moral e das relixións, que é o que chamamos *ética*. O dereito á liberdade de conciencia é unha norma ética, que protexe todas as relixións e que, polo tanto, todas as relixións deben acatar.

“As familias poden educar seus fillos na súa relixión e na súa moral; pero o Estado debe encargarse de facilitar a todos os nosos rapaces aquela educación que a sociedade considera necesaria para o desenvolvemento dos proxectos morais, a boa convivencia, a xusta resolución dos problemas, e o progreso económico. Nunha sociedade multicultural, cumprimos dunha formación en valores fundamentais compartidos” (José Antonio Marina, catedrático de filosofía e ensaísta).

## A MATERIA DE RELIXIÓN CONTARÁ PARA REPETIR CURSO EN SECUNDARIA E CONTARÁ CON DÚAS DÚAS ALTERNATIVAS.

Segundo a nova regulación do Goberno, un suspenso na materia confesional poderá obrigar o alumno a repetir curso se ten outros dous suspensos. Haberá dúas alternativas para quen non a queira: una sobre o feito relixioso ou non cursar nada durante esa hora.

Segundo a Conferencia Episcopal “A LOE non recolle adecuadamente o disposto nos Acordos entre a Santa Sé e o Estado español, canle pola que se fai efectivo o dereito constitucional de liberdade relixiosa para os católicos”. O episcopado quereda que a materia de relixión e moral católica tivese o mesmo rango que as matemáticas. Esixe, ademais, que os alumnos que non escollen relixión teñan que acudir á mesma hora a outra aula de igual nivel que as matemáticas. Tamén pretenden que as persoas que imparten a materia de relixión poidan ser seleccionadas e despedidas a discreción polos prelados, aínda que contratadas e pagadas relixiosamente polo Estado.


En conclusión, o Estado español segue sen dispoñer dunha escola pública laica.

## O GOBERNO PROPÓN UN CURSO PONTE ENTRE 1º E 2º DE BACHARELATO.

Suspender máis de dúas materias en 1º de bacharelato xa non vai significar obrigatoriamente repetir o curso enteiro. Sempre que os alumnos aprobasen máis da metade das materias (cinco ou seis), poderán estudar durante o curso seguinte só as que suspenderon, completando o ano escolar con algunhas de 2º. O Ministerio de Educación propuxo este curso ponte, que entraría en vigor en 2009-2010, para diminuír a porcentaxe de rapaces que deixan de estudar tras o ensino obrigatorio, na actualidade un 30%.

En Galicia, a poboación que completou como máximo a ESO e non segue ningún estudo está no 24'2%.

# O GALEGO E A SOCIEDADE



## VOLVE O GALEGO AOS PARTIDOS DE LIGA DOS SÁBADOS.

Unha medida preventiva do xuíz permítelle á TVG recuperar o fútbol para respectar os dereitos lingüísticos. O xulgado ditou sentenza contra La Sexta por non retransmitir o fútbol en galego. O auto establece que a cadea privada debe ceder a canle autonómica o sinal dos partidos dos sábados para que poidan ser vistos en Galicia e en galego.

A canle privada ofrece no seu sinal dixital terrestre a posibilidade de ver os partidos en galego, vasco e catalán, pero a escasa cobertura é incompatible, segundo a decisión xudicial, coa lei de interese xeral que obriga a dar acontecementos deportivos relevantes no idioma de cada territorio.

## HALACELTA!

O Celta de Vigo deu novos pasos no uso do galego. A publicidade xa está no noso idioma, igual que a entrada no seu sitio web. Ademais, estase a difundir masivamente o boletín en papel REAL CLUB CELTA-A COR DE GALICIA, cuxa edición é en galego nun 75% dos seus contidos.

## UN XORNAL GRATUÍTO GALEGO.

Este inverno iniciouse a publicación do xornal gratuíto galego DE LUNS A VENRES. Unha nova iniciativa que axuda a aumentar a presenza do galego nos espazos públicos. Queda moito camiño por percorrer na prensa diaria, pero este xornal gratuíto serve como exemplo para que outros medios de comunicación caian na conta de que o emprego do galego é rendible.





## POR UN NOVO CELTA

Non hai moito, os Mostovoi, Karpin ou Mazinho faciannos soñar con gañar títulos. Todos eles eran grandísimos xogadores rexeitados por diferentes motivos polos clubs máis poderosos. Constituiron fichaxes deportivamente acertadas que, porén, levaron ao Celta a un endebedamento que deixou ao clube ás beiras da ruína.

O modelo de xestión deportiva hoxe en voga é o de fichar barato xogadores que logo son vendidos unha vez revalorizados. É unha idea excelente, sempre e cando teñas unha bóla de cristal que che permita tirar maradonas de onde ninguén os ve.

Estamos nun bo momento para establecer o tipo de equipo que os afeccionados do Celta queremos ver. Se o que nos gusta é o xogo chamado do tiqui-taca, realizado polos grandes equipos; ou ben un once de guerrilleiros que teñan claros os fundamentos do fútbol.

A min parécenme fermosísimos os caneos e as xogada de Ronaldiño e similares, pero aínda resulta máis bonito ver a once xogadores funcionando como unha máquina perfecta.

Agora que se afirma que o modelo do Atlétic de Bilbao parece esgotado é cando o coído máis a ter en conta: desenvolver unha escola de fútbol na que todo o traballo consista en formar xogadores que encaixen no primeiro equipo.

No actual plantel do Celta hai xogadores, supostos cracks, como Canobio (uruguaio), Placente (arxentino) ou Baiano (brasileiro); porén, ningún deles demostran posuír as condicións que se lles supoñen ás figuras. Saben eles que, se aquí as cousas non lles van ben, han atopar outro equipo que lles siga pagando. Os que con toda seguridade sempre baixan a segunda son os sufridos siareiros.

Sinto mágoa que se lle discuta a continuidade a xogadores como Jonathan Aspas e que logo se fichen xogadores mediocres que nada resolven. Teño a sensación de que, por querer ter un equipo de ricos, estamos a dixerir carne podre traída de lonxe no canto de comer os produtos da terra.

Pode que alguén pense que isto supoñería renunciar a ver bos xogadores foráneos que dean espectáculo. Non hai tal. Trataríase preferentemente de abrírlle as portas aos talentos que saísen do noso entorno. Isto non implicaría pechar esas mesmas portas a algún que outro Mostovoi caído do ceo en circunstancias favorables.

Para que tal proxecto funcionase, cumpriría que houbera detrás da institución céltica unha sólida base de aceptación popular. Habería que ter ben claro que o bo funcionamento do equipo sería cíclico e que non sempre habería os vimbios precisos para crear un gran cesto. O que se perdese en ilusión por non ver cada temporada caras novas, sería substituído polo orgullo de ter un proxecto propio e diferenciado, sempre atendendo á estabilidade económica que non fixese perigar o futuro.

Pode ser que Oubiña non teña a forza de Vieira, nin a técnica de Xabi, nin a velocidade de Eto'o, nin que meta os goles que noutrora meteu Raúl; no entanto, Oubiña custou moitísimo menos que calquera deles e nótaselle moita maior implicación no xogo do Celta.

Manuel Pereira Bieitez



# O ENTROIDO NO “ÁLVARO CUNQUEIRO”


## MORRER EN ENTROIDO

A miña máxima aspiración como trouleiro sería vivir un entroido como Vadinho, o meu perdulario heroe. Ou mesmo morrer o entroido coma el, exemplarmente. Vede, senón, como foi descrito ese edificante, ben que lamentable, momento por un virtuoso cronista:

“O xitano Mascarenhos esixiulles aos tres; xemeron as frautas e as guitarras, e Vadinho lanzouse a bailar a samba co exemplar entusiasmo característico de todo canto facía, se se exceptúa o traballo. Contornándose o medio da charanga, Zapateaba fronte á mulata, avanzando cara a ela con floreos e embigasos cando, de repente, soltou unha especie de ronquido apagado, vaciláronlle as pernas, inclinouse cara a un lado e rodou polo chan botando unha baba amarela pola boca, sen que o aceno da morte dese apagado de todo o alegre sorriso so trangalleiro impenitente que Vadinho fora”.

Hai outros entroidos, claro. O dos peliqueiros, o dos cigarróns, o dos xenerais, o dos pantallas, mecos, rabachois, etc; pero quedo coas mulatas disfrazadas de mulata. Admirar como os seus corpos se entregan incansables ao terremoto que, de xeito case imperceptible, tecen dende os pés. É o meu entroido predilecto. E tamén o de Castelao, paréceme; con perdón.

Pepe Paraños.



# O ENTROIDO NO "ÁLVARO CUNQUEIRO"



# ACTIVIDADES NO INSTITUTO

## “ENCONTRO-LITERARIO” CON XABIER QUIROGA



O luns día 12 ás 10:30 h ,  
temos un “encontro –literario” con  
Xavier Quiroga, autor do libro “Era  
por setembro”.

Poderán asistir todos os  
alumn@s de **3º e 4º ESO** que  
leron ou están lendo esta novela.

G. Biblioteca

*¡ Ven a xogar !*

8

M  
A  
I  
O

DÍA DA MULLER TRABALLADORA

Os días 6, 7 e 8 organizarase un XOGO-CONCURSO no  
vestíbulo do Instituto.

Os participantes recollerán a primeira hora de mañá, na  
mesa do vestíbulo, un folio con preguntas coa seguinte orde:

Día 6 alumnos de ESO

Día 7 alumnos de BACHARELATO


As respostas a ditas preguntas hai que atopalas nas  
biografías das mulleres traballadoras expostas no vestíbulo.

Os alumnos/as que contesten correctamente máis  
preguntas en menos tempo recibirán un vale-  
premio para consumir na cafetería.



*Contamos contigo*

“ENCONTRO-LITERARIO” CON MARÍA REIMÓNDEZ



O xoves día 3 ás 10:30 h ,  
temos un “encontro – literario” con  
María Reimóndez.

Pregamos aos profesores que  
permitan a asistencia de todos os  
alumnos de **ESO** que leron ou  
están lendo a súa novela **USHA**.

G. Biblioteca





# A BIBLIOTECA DO NOSO INSTITUTO



## ANIMACIÓN Á LECTURA

Unha vez organizada a biblioteca (correcta catalogación dos fondos, coidado dos espazos, das luces, do mobiliario, a decoración, etc.), chega a fase realmente importante, complexa e motivadora: a súa utilización e dinamización.

Durante este curso aumentaron considerablemente os fondos da nosa biblioteca, así como as súas funcións, o préstamo diario de libros. Agora tamén se vai ler á biblioteca, organízanse exposicións, concursos e encontros con autores.

Dende a biblioteca realizamos unha franca invitación á lectura, esa lectura coa que obteremos pracer, coñecementos, diversión, etc. Propúxose un concurso (*O lector do ano*) que tivo unha moi boa acollida por parte dos alumnos.

## OS LIBROS PROPOSTOS NO CONCURSO.

### En ESO:


- "Charlie e a fábrica de chocolate" de R. Dahl.
- "Historia de una gaviota y del gato que la enseñó a volar" de Luis Sepúlveda.
- "A expedición do Pacífico" de M. Alexandre.
- "Las chicas del alambre" de J. Serra i Fabra.
- "O achado do catro" de M. Núñez Singala.
- "Era por setembro" de X. Quiroga.
- "El curioso incidente del perro a medianoche" de Mark Haddon.
- "Usha" de María Reimóndez.
- "Relato de un naufrago" de G. García Márquez.

### En bacharelato:

- "La tierra herida" de Miguel Delibes e M. Delibes Castro.
- "Memorias dun neno labrego" de X. Neira Vilas.
- "El cartero de Neruda" de A. Skármeta.
- "El curioso incidente del perro a medianoche" de Mark Haddon.
- "O sol do verán" de Carlos Casares.
- "Ilustrísima" de Carlos Casares.
- "Griffe" de Régine Boutégège.
- "Tales of unexpected: Lamb to the Slaughter" de R. Dahl.

### Os gañadores da primeira proba

- (Houbo 56 participantes):
- Emma Casal Mariño (1º de ESO)
  - Antía Fernández Fernández (1º de ESO)
  - Mario Gradín Martínez (2º de ESO)
  - Carmen Zabilde (2º de ESO)
  - Marco A. Iñarrea Santomé (3º de ESO)



Hora de ler

## A BIBLIOTECA DO NOSO INSTITUTO



Fernando de la Calle Martínez (4º de ESO)  
 Juan Fernández Vila (4º de ESO)  
 Iria Rodríguez Gallur (4º de ESO)  
 Leonor Ruano Ibarra ((4º de ESO)

Os gañadores da segunda proba  
 (houbo 44 participantes):

Antía Fernández (1º de ESO)  
 René Mini (1º de ESO)  
 Carmen Zabilde (2º de ESO)  
 Juan Fernández Vila (4º de ESO)  
 Margarita Pulido (3º de ESO)  
 Noemí de la Iglesia (3º de ESO)  
 Diego López Carballeira ((2º de bach.)  
 Alexandra López (1º de bach.)  
 Olalla Frade (2º de bach.)



O resultado final do concurso LECTOR DO ANO farase público na festa do Día das Letras Galegas.

### OUTRAS ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA.

- Exposición de biografías de mulleres do gallo do Día da Muller Traballadora.
- Actualización de fondos e retirada de materiais.
- Expositor de novidades.
- Acceso á prensa diaria.
- Carteis informativos.


(Agardamos as túas ideas para conseguir un maior e mellor emprego da biblioteca).



Co gallo do Día da Muller Traballadora, a biblioteca do centro organizou unha exposición de 65 biografías de mulleres.

Dende a prehistoria ata os nosos días, sempre existiron mulleres matemáticas, químicas, físicas, médicas, biólogas, xeólogas, escritoras, inventoras, pintoras, escultoras, etc. Algunhas delas recibiron o Premio Nobel. Quixemos rescatalas do esquezo cun xogo que consistiu en BUSCAR INFORMACIÓN mediante un cuestionario. As respostas ás preguntas tiñan que buscalas os alumnos do centro nos paneis da exposición.

Os gañadores do xogo foron. Sara Alonso, M<sup>ra</sup> Carmen alfonso, Ana Casal, Nerea Castro, Uxía Costas, Edgar Pena, Estela Prendes, Natalia Ramos, Clara Ramos, Natan Rodríguez, Alexandra López e Noemí.



# El Rasno

